Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: viveiro@fegamp.es

**ORDENANZA FISCAL NÚMERO 37**

# REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS NA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA DE VIVEIRO.

**ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación de servicios na Piscina Municipal Climatizada de Viveiro, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó prevenido no artigo 58 da devandita Lei 39/1988.

**ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación de servicios na Piscina Municipal Climatizada de Viveiro, ben mediante xestión directa do concello ou entidade del dependente, ou indirecta, a través dalgunha das modalidades previstas na normativa sectorial de aplicación.

**ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que se beneficien dos servicios obxecto desta ordenanza.

**ARTIGO 4.- RESPONSABLES.**

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, socedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

**ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA**

.- A cota tributaria regulada nesta ordenanza será a fixada no cadro de tarifas contidas nas alíneas seguintes, para cada un dos distintos servicios ou activivades.

2..- A tarifa desta taxa será a seguinte:

| MODALIDADES | PREZO MENSUAL € | |
|---|---|---|
| | ABONADO | EVENTUAL |
| 1. ABONOS | | |
| **Individual** | 24 | |
| **Xove** | 20 | |
| **Familiar**:<br>titular<br>Conxuxe<br>Fillos( de 3 a 17 anos)<br>Fillos (de 0 a 2 anos) | <br>24<br>4<br>4<br>gratis | |

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: viveiro@fegamp.es

| | | |
|---|---|---|
| **Terceira idade:**<br>1 membro<br>2 membros | <br>17<br>25 | |
| **Matinal** | 18 | |
| **Abono fin semana**<br>(desde viernes a las 14:30 h) | <br>15 | |
| **2. BONOS E SERVIZOS** | | |
| **Bonos de cotas**:<br>10 sesions adulto<br>10 sesions reducido(-16/+60) | | <br>30<br>20 |
| **Bonos especiales**:<br>10 sesions estudiantes<br>10 sesions desempregados<br><br>* Validez seis meses | | <br>20<br>20 |
| **Entradas:**<br>Normal<br>Reducida (-16/+60) | | <br>4<br>2,5 |
| **Masaxes.**<br>1 masaxe<br>10 masaxes | <br>13<br>90 | <br>21<br>170 |
| **Aluguer calle** 1h | 15 | 25 |
| **Aluguer bicicletas spinning** 1h | 2 | 2 |
| **Sesión actividades sala** | 3 | 3 |
| **3. CURSOS DE AUGA** | | |
| **Adultos:**<br>Iniciacion adultos 3 dias<br>Iniciacion adultos 2 días<br>Medio adultos 3 días<br>Medio adultos 2 días<br>Perfeccionamento adultos 3 dias<br>Perfeccionamento adultos 2 días | <br>17<br>13<br>17<br>13<br>17<br>13 | <br>34<br>26<br>34<br>26<br>34<br>26 |
| **Infantil** (3 a 5 anos):<br>Iniciacion infantil 3 dias<br>Iniciacion infantil 2 días<br>Medio infantiL3 días<br>Medio infantiL 2 días<br>Perfeccionamento infantil 3 dias<br>Perfeccionamento infantil 2 días | <br>13<br>10<br>13<br>10<br>13<br>10 | <br>26<br>20<br>26<br>20<br>26<br>20 |
| **Nenos** (6 a 16 anos)<br>Iniciacion nenos 3 dias<br>Iniciacion nenos2 días | <br>13<br>10 | <br>26<br>20 |

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: viveiro@fegamp.es

| | | |
|---|---|---|
| Medio nenos 3 días<br>Medio nenos 2 días<br>Perfeccionamento nenos 3 dias<br>Perfeccionamento nenos 2 días | 13<br>10<br>13<br>10 | 26<br>20<br>26<br>20 |
| **Bebes** (0 a 36 meses)<br>2 dias | <br>10 | <br>20 |
| **Auga-pilates**<br>2 dias | <br>13 | <br>26 |
| **Auga-fitness**<br>2 dias | <br>13 | <br>26 |
| **Natación entreno-competicion**<br>2 dias | 14 | 28 |
| **4. CURSOS DE SALA** | | |
| **Aerobic**<br>3 dias<br>2 dias | <br>14<br>10 | <br>28<br>20 |
| **Spinning**<br>3 dias<br>2 dias | <br>20<br>16 | <br>40<br>32 |
| **Pilates**<br>3 dias<br>2 dias | <br>16<br>12 | |
| **Fitball**<br>3 dias<br>2 dias | <br>16<br>12 | <br>32<br>24 |
| **Yoga**<br>3dias<br>2dias | <br>20<br>16 | <br>40<br>32 |
| **Intervalos**<br>3 dias<br>2 dias | <br>16<br>12 | <br>32<br>24 |
| **Trideporte ( 3 días)** | 15 | 30 |
| **5. CURSIÑOS** (QUINCENAIS) | **PREZO QUINCENA €** | |
| **Bonos de verán**<br>Individual<br>Xove<br>Familiar<br>3ª idade 1 membro<br>3ª idade 2 membros | | <br>17<br>13<br>25<br>13<br>21 |
| **Vacacións deportivas** | 23 | 40 |

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: viveiro@fegamp.es

| | | |
|---|---|---|
| **Natacion** | | |
| Adultos | 17 | 34 |
| Infantil | 13 | 26 |
| Nenos | 13 | 26 |

**ARTIGO 6.- DEVENGO E INGRESO DA TAXA**

1.- O devengo da taxa regulada nesta ordenanza nace desde que se preste ou realice calquera dos servicios ou actividades especificados no artigo anterior.

2.- O ingrexo da taxa farase efectivo nalgún dos xeitos seguintes:
**Abonos e cursos**: Pagamento mensual,ingreso en conta, en efectivo ou domiciliación bancaria.
**Acceso libre á piscina e servicios puntuais**: Ó entrar ó recinto ou ó solicitar o aluguer ou calquera dos servicios puntuais ós que se refire o artigo anterior.

**ARTIGO 7.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En todo o relativo a infraccións tributarias e a súa cualificación, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse as normas contidas na Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

**ARTIGO 8.- EXENCIÓNS, BONIFICACIÓNS E BENEFICIOS TRIBUTARIOS.**

Están exentas as persoas físicas e xurídicas que, excepcionalmente e por motivos de natureza social ou de interés público, sexan concedidos en virtude de convenio de colaboración, aprobado polo Pleno

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 10 de novembro de 2011 e modificada polo mesmo o 29 de decembro de 2015, estará en vigor a partir da súa publicación definitiva no boletín oficial da provincia e manteráse vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.